

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E A UNIVERSIDADE DE VIGO EN MATERIA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

---

### REÚNENSE

**Don José Carlos López Campos**, conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, publicado no DOG núm. 73, do 14 de abril de 2024, e polo disposto no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, publicado no DOG núm. 81, do 24 de abril de 2024.

**Don Manuel Joaquín Reigosa Roger**, reitor magnífico da Universidade de Vigo, que actúa en nome e en representación desta entidade en virtude do establecido nos seus estatutos e do nomeamento como reitor polo Decreto 110/2022, do 9 de xuño (DOG núm. 117, do 20 de xuño de 2022).

### EXPOÑEN

1. Que ambas as institucións consideran como referente normativo básico da súa actuación o artigo 5 do Estatuto de autonomía de Galicia e o artigo 15 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, segundo os que o profesorado e o alumnado no nivel universitario teñen o dereito de empregar a lingua oficial da súa preferencia. Que o Goberno galego e as autoridades universitarias arbitrarán as medidas oportunas para normalizar o uso do galego no ensino universitario e facer efectivo este dereito ao alumnado.
2. Que no ámbito da Administración autonómica galega lle corresponde á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Secretaría Xeral da Lingua, as competencias en materia de promoción e ensino da lingua galega e de dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia.



3. Que as partes son conscientes da responsabilidade que teñen de colaborar no proceso normalizador, así como na implantación das medidas do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, destinadas a promover un maior nivel de galeguización no ámbito universitario, tanto na docencia e na investigación como no que se refire ás relacións extraacadémicas, e tamén, favorecer a súa dinamización no tecido económico para estender o seu uso nas relacións laborais, comerciais e empresariais co fin de incrementar produtos e servizos en galego en todos os ámbitos sociais e económicos.

4. Que, neste sentido, a Xunta de Galicia e a Universidade de Vigo xa asinaron no ano 1991 un convenio marco de colaboración para desenvolver diversas actuacións para conseguir a normalización lingüística no ámbito universitario. Logo do tempo transcorrido, e como queira que as dúas institucións manifestaron a súa vontade a continuar colaborando, considerouse conveniente asinar convenios anuais para establecer o marco de actuación de ambas as institucións en materia de política lingüística.

5. Que, para levar a cabo as actuacións que se prevén neste convenio, pola singularidade do seu obxecto, características e ámbito de actuación, non é posible promover a concorrência pública, pois a Universidade de Vigo é unha institución cunha estrutura de goberno, autonomía e competencias propias establecidas por lei orgánica e polos seus propios estatutos.

Polo anteriormente exposto, acordan asinar un convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes

## **ESTIPULACIÓNS**

### **Primeira. Obxecto**

Este convenio ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Secretaría Xeral da Lingua, e a Universidade de Vigo para colaborar no desenvolvemento de iniciativas conxuntas para prestixiar e promover no ensino



universitario a estima do galego como feito diferencial da nosa comunidade autónoma.

As partes colaborarán na realización dun programa de actuacións orientadas a promover un maior nivel de galeguización das universidades galegas, tanto na docencia, investigación e alumnado como no que se refire a relacións extraacadémicas.

### **Segunda. Obrigas da Universidade de Vigo**

Como compromisos ás obrigas derivadas da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística e do Plan xeral de normalización da lingua galega mediante a sinatura do presente convenio, a Universidade de Vigo comprométese a levar a cabo durante o ano 2025 as seguintes accións, que se englobarán dentro das seguintes epígrafes:

#### 1. Cursos de formación en lingua galega:

- Iniciación á lingua galega (2 cursos)
- Os erros máis frecuentes na lingua galega (2 cursos)
- A calidade lingüística na universidade (2 cursos)
- Obradoiro de lingua oral (2 cursos)
- Galego hoxe (2 cursos)
- Cuestións de sociolingüística e de léxico (2 cursos)

#### 2. Actuacións de normalización lingüística:

- Premios de poesía, relato curto e tradución.
- Elaboración de podcasts das obras premiadas do Premio de poesía, relato curto e tradución.
- Acto do Día das Letras Galegas.
- Axudas para elaborar en lingua galegas teses de doutoramento, TFG e TFM.
- Campaña de dinamización lingüística sobre os dereitos lingüísticos.
- Distintivo de galeguización.
- Campaña para a extensión do uso da lingua galega.



O programa de actuacións e de actividades que se desenvolverán no ano 2025 xúntase como anexo e forma unha parte íntegra deste convenio.

A Universidade de Vigo comprométese a publicar e a difundir debidamente os materiais científicos e didácticos en galego obxecto deste convenio en soporte papel e na páxina web, para poñelos á disposición das persoas investigadoras e do público en xeral, sempre e cando conte coa autorización do propietario ou propietaria intelectual dos materiais.

### **Terceira. Modificación do convenio / redistribución de cantidades entre diferentes actividades**

Se posteriormente á sinatura do convenio, e por circunstancias debidamente xustificadas, a entidade quere modificar ou cambiar algunha das accións recollidas no obxecto do convenio, esta modificación ou cambio instrumentarase mediante a correspondente addenda, agás naqueles casos nos que a modificación implique só unha redistribución das cantidades previstas estimativamente, de ser o caso, para cada unha delas segundo a desagregación prevista na memoria xustificativa e económica do convenio que figura no expediente de gasto sen que exista modificación orzamentaria respecto do importe total do convenio nin que implique, de ser o caso, unha redistribución orzamentaria entre diferentes capítulos de gasto.

Os convenios subscritos pola Administración xeral da comunidade autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

As ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

### **Cuarta. Financiamento**



O importe total das actividades previstas no presente convenio ascende a un total de **62.000,00 €**, que será sufragado coa achega de ambas as partes coa seguinte desagregación:

1. A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Secretaría Xeral da Lingua, contribuirá no desenvolvemento das actividades previstas no presente convenio cunha achega total por importe de **36.000,00 €** con cargo aos orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2025, que se destinarán ás seguintes accións:

- Cursos de formación en lingua galega: **10.000,00 €**, con cargo á partida 13.02.151A.640.2, que se destinarán ao pagamento do profesorado que imparte os cursos.
- Actuacións de normalización lingüística: premios de poesía, relato curto e tradución, elaboración de podcast das obras premiadas, acto do Día das Letras Galegas, xudas para elaborar en lingua galegas teses de doutoramento, TFG e TFM, campaña de dinamización lingüística sobre os dereitos lingüísticos, distintivo de galeguización e campaña para a extensión do uso da lingua galega: **26.000,00 €**, con cargo á partida 13.02.151A.640.0.

2. A Universidade de Vigo achegará a cantidade restante de **26.000,00 €** con cargo á aplicación **20250000421SNLI** dos orzamentos da Universidade de Vigo, que se destinará aos gastos seguintes:

- Cursos de formación en lingua galega: **10.000,00 €**, para o pagamento do profesorado que imparte os cursos, gastos de material e actividades de carácter didáctico.
- Actuacións de normalización lingüística: premios de poesía, relato curto e tradución, elaboración de podcast das obras premiadas, acto do Día das Letras Galegas, xudas para elaborar en lingua galegas teses de doutoramento, TFG e TFM, campaña de dinamización lingüística sobre os dereitos lingüísticos, distintivo de galeguización: **16.000,00 €**



As citadas achegas financiarán exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún.

Ambas as partes convenientes compartirán a titularidade e o uso dos estudos, publicacións e demais materiais realizados ao abeiro deste convenio.

O uso e a difusión sobre os ditos estudos, publicacións e demais materiais terá carácter gratuíto para as partes asinantes do convenio, logo do consentimento da outra parte.

#### **Quinta. Xustificación e pagamento**

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase telematicamente accedendo ao expediente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan>. Código de procedemento PR004A.

Para percibir a cantidade achegada e indicada na estipulación anterior, a Universidade de Vigo presentará telematicamente coa data límite do 15 de novembro de 2025, a seguinte documentación:

- Certificación do xerente/a da Universidade da execución das actividades do convenio, xunto coas correspondentes notas de cargo emitidas polo servizo correspondente da Universidade de Vigo.
- Un informe de resultados das actividades realizadas no marco do convenio e da súa incidencia na promoción da lingua.
- Para o control das actividades que se prevén no convenio, entregarase un exemplar do material, reproducións ou publicacións elaboradas na realización das actividades acordadas.
- Ficha resumo de execución do convenio (anexo I que se acompaña co texto deste documento), cuberta pola entidade e na que se indicará, de ser o caso, o número de proxectos, accións ou actividades que se realicen ao abeiro deste, as localidades de execución ou realización, así como a porcentaxe de gasto en



proxectos, accións ou actividades dirixidas ás franxas de idade infantís ou xuvenís. Tamén indicarán, se procede, o número aproximado de persoas destinatarias ou beneficiarias das accións coa súa correspondente desagregación porcentual por sexos.

A entidade utilizará o galego en todas as comunicacións que estableza coa Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

De non alcanzarse o total do orzamento das actividades, a achega de ambas as partes asinantes deste convenio verase reducida na mesma proporción.

Antes de asinar este convenio e para o pagamento, deberá presentar:

- Certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da comunidade autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Facenda e Administración Pública.
- Certificado de estar ao día nas obrigas tributarias, expedido pola correspondente delegación ou axencia do Ministerio de Facenda.
- Certificado de atoparse ao corrente das obrigas sociais, expedido pola Tesourería da Seguridade Social.

A sinatura deste convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.

A Universidade de Vigo facilitará toda a información que lle sexa requirida pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Consello de Contas e polo Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

#### **Sexta. Rexistro de Convenios. Transparencia e bo goberno**

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á Administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de



conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30, do 15 de febreiro de 2016), co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro (BOE núm. 292, do 10 de decembro de 2013), de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG núm. 149, do 3 de agosto de 2006).

Así mesmo, coa sinatura deste convenio as partes manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que aparecen nel e mais o resto das especificacións nel contidas poidan publicarse no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

#### **Sétima. Vixencia**

Este convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2025. Non obstante, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desistencia dalgunha ou por denuncia del por incumprimento dos compromisos adquiridos, o que se comunicará de xeito fidedigno, tras a audiencia da outra parte e con, polo menos, un mes de antelación.

#### **Oitava. Causas de resolución**

O presente convenio resolverase:

- Por incumprimento total ou parcial dalgún dos seus acordos.
- Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as accións acordadas.

De ser resolto o convenio, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude pode, se fose o caso, esixir a devolución das cantidades achegadas e os correspondentes xuros.

#### **Novena. Responsabilidade das actuacións**

O asinamento deste convenio non implica unha relación contractual ou de calquera outro tipo entre as persoas que vaian desenvolver as accións previstas no convenio e a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.



**Décima. Comisión de seguimento**

Créase unha comisión de seguimento que supervisará e avaliará a correcta execución das actividades obxecto do presente convenio, constituída por dúas persoas representantes da Secretaría Xeral da Lingua nomeadas polo seu titular e dous representantes da Universidade de Vigo.

Esta comisión, que estará presidida por unha das persoas representantes da Secretaría Xeral da Lingua, estará facultada para resolver cantas dúbidas xurdan na súa execución. Os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.

**Décimo primeira. Avaliación de resultados**

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Secretaría Xeral da Lingua avaliará a realización das actividades recollidas na estipulación segunda do convenio e a súa incidencia efectiva na dinamización da lingua.

**Décimo segunda. Utilización da lingua galega**

Todas as actividades realizadas ao abeiro deste convenio deberanse levar a cabo de acordo co indicado nas vixentes normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Así mesmo, coidarase especialmente do respecto rigoroso da toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

Considerarase unha causa específica de resolución deste convenio o incumprimento desta estipulación.

**Décimo terceira. Difusión da colaboración das partes**

Nas actuacións informativas e divulgativas e nas publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e utilizaranse, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de identidade corporativa.



Así mesmo, sexa cal for o medio de difusión, cada unha das partes comprométese a facer mención das outras partes e deste convenio.

#### **Décimo cuarta. Notificación electrónica**

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas e, polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e as empregadas e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do sistema de notificación electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, a persoa interesada deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, a persoa interesada pode autorizar calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

#### **Décimo quinta. Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais**

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dos dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse todas as esixencias que establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos (DOUE núm. 119, o 4 de maio de 2016) e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE núm. 284, do 6 de decembro de 2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular,



para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

### **Décimo sexta. Administración dixital**

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG n.º 229, do 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais. Tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan á súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigo 2 a) e b) e artigo 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

### **Décimo sétima. Normativa aplicable e xurisdición**

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE núm. 272, do 9 de novembro de 2017) segundo específica o seu artigo 6, ao non previsto e de acordo co artigo 4 da citada lei aplicaráselle os principios recollidos nela, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto



lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma verificará a correcta aplicación destas achegas mediante a aplicación das técnicas de fiscalización e a auditoría previstas no Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e nas normas que a desenvolven e demais normativa vixente.

A posible discrepancia na aplicación e/ou interpretación deste convenio resolverase por diálogo directo entre as partes ou pola comisión de seguimento prevista na estipulación novena.

A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

En proba de conformidade, as partes asinan telematicamente este convenio.

O conselleiro de Cultura, Lingua e

Xuventude

José Carlos López Campos

O reitor da Universidade de Vigo

Manuel Joaquín Reigosa Roger



**ANEXO****Actividades recollidas no convenio para o ano 2025****1. Cursos de formación en lingua galega**

- Iniciación á lingua galega (2 cursos)
- Os erros máis frecuentes na lingua galega (2 cursos)
- A calidade lingüística na universidade (2 cursos)
- Obradoiro de lingua oral (2 cursos)
- Galego hoxe (2 cursos)
- Cuestións de sociolingüística e de léxico (2 cursos)

**1. Actuacións de normalización lingüística**

- Premio de poesía, relato curto e tradución da Universidade de Vigo
- Elaboración de podcasts das obras premiadas do Premio de poesía, relato curto e tradución
- Acto do Día das Letras Galegas
- Axudas para elaborar en lingua galegas teses de doutoramento, TFG e TFM
- Campaña de dinamización lingüística sobre os dereitos lingüísticos
- Distintivo de galeguización
- Campaña para a extensión do uso da lingua galega

Total de actividades do convenio: **62.000,00 €**

Achega da Xunta de Galicia: **36.000,00 €**

Achega da Universidade de Vigo: **26.000,00 €**

